



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

## Programación de IDIOMAS APLICADOS AO CANTO Curso 2023-24



**Profesora:**  
**Carolina Pérez Vázquez**



## Índice

<b>1. Introducción</b>	<b>5</b>
<b>2. Metodoloxía</b>	<b>7</b>
2.1 PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XENERAIS:	7
2.2 PRINCÍPIOS METODOLÓXICOS CONCRETOS:	7
<b>3. Atención á diversidade</b>	<b>8</b>
<b>4. Temas transversais</b>	<b>8</b>
4.1 Educación en valores	9
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	9
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</b>	<b>9</b>
<b>6. Secuenciación do curso</b>	<b>9</b>
6.1 Curso: 1º	10
6.1.1 Obxectivos	10
6.1.2 Contidos	10
6.1.3 Avaliación	10
6.1.3.1 Criterios de avaliación	10
6.1.3.2 Mínimos esixibles	11
6.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	11
6.1.4 Criterios de cualificación	11
6.1.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	12
6.1.6 Medidas de recuperación	12
6.1.6.1 Procedementos de recuperación ordinarios	12
6.1.6.3 Probas extraordinarias de xuño	13
6.1.7 Recursos didácticos	13
6.2 Curso: 2º	14
6.2.1 Obxectivos	
<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.2.2 Contidos	
<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.2.3 Avaliación	
<b>Erro Marcador non definido.</b>	



6.2.3.1	Criterios	de	avaliación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.2.3.2	Mínimos		esixibles
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.2.3.3	Procedementos	e	ferramentas de avaliación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.2.3.4	Criterios	de	cualificación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.2.4	Criterios	para a concesión	de ampliación de matrícula
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.2.5	Medidas	de	recuperación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.2.5.1	Procedementos	de	recuperación ordinarios
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.2.5.3	Probas	extraordinarias	de xuño
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.2.6	Recursos		didácticos
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.3	Curso: 3º		14
6.3.1	Obxectivos		
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.3.2	Contidos		
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.3.3	Avaliación		
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.3.3.1	Criterios	de	avaliación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.3.3.2	Mínimos		esixibles
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		
6.3.3.3	Procedementos	e	ferramentas de avaliación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>		



- 6.3.3.4 Criterios de cualificación  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.3.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.3.5 Medidas de recuperación  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.3.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.3.5.3 Probas extraordinarias de xuño  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.3.6 Recursos didácticos  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4 Curso: 4º  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.1 Obxectivos  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.2 Contidos  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.3 Avaliación  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.3.1 Criterios de avaliación  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.3.2 Mínimos esixibles  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.3.4 Criterios de cualificación  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula  
**Erro Marcador non definido.**
- 6.4.5 Medidas de recuperación  
**Erro Marcador non definido.**



6.4.5.1	Procedementos de recuperación ordinarios	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.4.5.3	Probas extraordinarias de xuño	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.4.6	Recursos didácticos	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5	Curso: 5º	27
6.5.1	Obxectivos	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.2	Contidos	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.3	Avaliación	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.3.1	Criterios de avaliación	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.3.2	Mínimos esixibles	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.3.4	Criterios de cualificación	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.4	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.5	Medidas de recuperación	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.5.1	Procedementos de recuperación ordinarios	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.5.3	Probas extraordinarias de xuño	<b>Erro Marcador non definido.</b>
6.5.6	Recursos didácticos	<b>Erro Marcador non definido.</b>



6.6	Curso:	6º
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.1	Obxectivos	
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.2	Contidos	
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.3	Avaliación	
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.3.1	Criterios de	avaliación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.3.2	Mínimos	esixibles
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.3.3	Procedementos e ferramentas de	avaliación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.3.4	Criterios de	cualificación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.4	Medidas de	recuperación
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.4.1	Procedementos de	recuperación ordinarios
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.4.3	Probas extraordinarias de	xuño
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
6.6.5	Recursos	didácticos
	<b>Erro Marcador non definido.</b>	
	<b>7.Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</b>	<b>36</b>
	<b>8.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</b>	<b>36</b>
	<b>9.ANEXOS</b>	<b>37</b>
9.1	PROBAS DE ACCESO	37
9.2	PROBAS DE ACCESO a 1º CURSO	37
9.3	PROBA DE ACCESO AOS CURSOS 2º a 6º DE G.P.	37



## 1. Introducción

O canto é a única disciplina musical que está indisolublemente ligada a outras disciplinas artísticas a través dun dos medios primordiais de comunicación e expresión: a palabra.

O texto está na orixe mesma de toda música cantada, ata o punto de que os comezos da literatura musical deben ir procurarse nos primeiros testemuños que se conservan de cerimonias relixiosas e de lírica popular, que se compuxeron para seren cantadas.

Posto que texto e música están indisolublemente unidos desde a súa orixe na música cantada, a especialidade de canto debe incluír unha materia destinada á aprendizaxe dos principais idiomas que son de uso corrente na música vocal, como o italiano, o alemán, o francés, o inglés, o latín, etc., ademais das linguas oficiais do Estado.

Antes de transmitir unha mensaxe é preciso comprendela para, a seguir, achegala de xeito intelixible ao suxeito receptor, que neste caso é o oínte, o público en xeral.

Xa que logo, temos dunha parte a necesidade ineludible de entender un texto para o poder comunicar con pleno sentido, e doutra parte a obriga non menos perentoria de «dicir» ese texto de xeito correcto en canto á súa articulación, pronuncia e acentuación.

A este respecto cómpre sinalar a importancia que algúns fonemas posúen, no relativo á súa específica sonoridade, para provocar certos efectos musicais: a pura sonoridade de certos fonemas pode influír decisivamente na expresión.

Como complemento aos obxectivos puramente prácticos da materia, serán moi convenientes todos os coñecementos adicionais que se poidan adquirir en relación ao idioma e á cultura da cal procede, tales como literatura, arte, etc.

Non son coñecementos superfluos, senón que poden ser unha axuda valiosísima á hora de enriquecer unha interpretación.

A aprendizaxe dun idioma aplicado ao canto é algo que debe ir á par dos estudos vocais, aprofundando sempre de igual xeito en ambas as direccións: o coñecemento do idioma debe acompañar sempre o progresivo dominio da técnica vocal.

Cunha finalidade informativa, preséntanse aquí os **Obxectivos, Contidos e Criterios de Avaliación xerais do Grao Profesional** nesta materia (*Decreto 203/2007*):

### **Obxectivos**

- a) *Coñecer ben a fonética dos idiomas de que se trate.*
- b) *Comprender todo tipo de mensaxes orais e escritas en calquera das linguas usuais no repertorio.*
- c) *Ler textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumnado, dándolles o seu cabal sentido e unha adecuada expresión.*
- d) *Utilizar a lectura de textos para familiarizarse cos rexistros lingüísticos da lingua cotiá e da lingua literaria.*
- e) *Valorar a importancia da lingua dentro dun texto cantado.*
- f) *Apreciar a riqueza que supoñen as culturas e as súas linguaxes, concebidas, estas últimas, como outras tantas formas de codificar a experiencia e de facer posibles as relacións interpersoais.*



### **Contidos**

*-Comprensión global de mensaxes orais.*

*-Reprodución e produción de mensaxes orais.*

*-Adestramento das destrezas fonéticas: articulación, emisión correcta, recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas, pronuncia correcta, aplicación da fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico, etc.*

*-Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonético-fonolóxico.*

*-Comprensión global dos textos poético-literarios e coñecemento do seu contexto histórico, cultural e artístico.*

*-Análise fonética para diferenciar signos de forma autónoma.*

### **Criterios de avaliación**

*1) Emitir correctamente breves contidos orais na lingua estudada. Este criterio serve para avaliar a capacidade de comprensión do alumnado no idioma estudado.*

*2) Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada. Este criterio pretende valorar a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.*

*3) Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais. Este criterio avalía a capacidade de comprensión e relación do texto coa obra musical.*

*4) Transcribir e comentar fonéticamente textos de partituras estudadas. Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para aplicar autonomamente os coñecementos fonéticos na interpretación musical.*

*5) Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado. Este criterio avalía o dominio do alumnado en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.*





## 2. Metodoloxía

### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS

O proceso de ensino-aprendizaxe estará presidido polas teorías cognitivas do constructivismo, perseguindo sempre un tipo de aprendizaxe significativa, no cal o alumno vaia integrando os novos coñecementos aos xa asimilados previamente; conseguindo desta forma establecer unha sólida técnica instrumental.

Será un tipo de ensino presidido polo principio de funcionalidade, de tal modo que o alumno atope a aplicación práctica de cada un das aprendizaxes e poida aplicalos dunha forma real e efectiva.

A elección do repertorio realizarase de acordo co principio de adecuación, xa que cada un dos estudos e obras a traballar durante o curso axustaranse ás necesidades técnicas e musicais que o alumno teña en cada momento, partindo sempre os contidos mínimos establecidos.

Incrementarase a dificultade dos contidos a medida que o alumno asimilase os anteriores e estea preparado para afrontar novos retos, aplicando así o principio de ordenamento. A súa secuenciación estará directamente relacionada co desenvolvemento evolutivo do alumno, o cal variará entre un e outro.

En todo momento haberá un tipo de aprendizaxe participativa na que se analizarán e razoarán co alumno todos e cada un dos contidos explicados nas clases. Traballarase a partir dos principios da autocorrección e da eficiencia, co obxectivo de fomentar un tipo de estudo consciente e poder adquirir, desta forma, unha maior autonomía, optimizar ao máximo o tempo e establecer uns hábitos de estudo eficaces. Para todo iso será fundamental desenvolver a súa capacidade de autocrítica e de concentración.

Traballarase a partir dunha aprendizaxe de tipo observacional, baseado na imitación, no que a figura do profesor será de gran importancia, xa que a partir del xerarase unha referencia sonora sobre a que o alumno irá desenvolvendo a súa propia personalidade musical e a súa capacidade creativa.

O ensino terá un marcado carácter motivador, xa que é un dos elementos fundamentais para garantir o éxito nos estudos. Procuraranse actividades que resulten atractivas e plenamente satisfactorias para o alumno e que lle animen a continuar avanzando no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS CONCRETOS

- 1) Aprendizaxe das normas básicas da fonética e pronunciación do italiano (dictados fonéticos, lectura a primeira vista aplicando todas as regras fonéticas, reprodución oral de transcripcións fonéticas, etc.), e tamén do latín.
- 2) Práctica da transcripción fonética.



- 3) Declamación dos textos poéticos ou dramáticos empregados nas composicións do repertorio.
- 4) Lectura rítmica ou melódico-rítmica dos textos cantados do repertorio.
- 5) Lectura, escoita e reprodución de mensaxes orais e escritos.
- 6) Audicións críticas e visualización de óperas e outras obras musicais.
- 7) Análise de materiais literarios e musicais
- 8) Interpretación de obras nos diversos idiomas, aplicando os coñecementos adquiridos sobre as estruturas fonéticas e gramaticais.

### **3. Atención á diversidade**

Distinguiremos diferentes necesidades específicas atendendo a lo menos dun xeito moi xeneral a tres categorías o grupos:

1 ) Alumnos con necesidades educativas especiais

Incluirase aquí os alumnos con discapacidades (visuais auditivas ou calquera outra limitación física) ou problemas de conducta graves (antisociais, complexos e calquera tipo de tensións)

2 ) Alumnos con alta capacidade intelectual

Aqueles alumnos que precisen ampliación de coñecementos respecto dos contemplados para o seu nivel

3 ) Alumnos de incorporación tardía ó Sistema Educativo

Aqueles alumnos (principalmente estranxeiros) que se incorporan non dende o inicio se non en cursos intermedios e que proceden doutro ámbito educativo

En todos estes casos aplicaranse os seguintes principios xerais atendendo a cada necesidade.

- Adaptación dos exercicios a realizar
- Deseño de actividades de reforzo (tanto por no alcanzar mínimos como por ampliación )
- Actividades alternativas
- Adaptación de obxectivos e por tanto de contidos e criterios de avaliación.

### **4. Temas transversais**

A súa vez, os contidos da asignatura de Idiomas Aplicados ao Canto están relacionados coas asignaturas de Canto, Linguaxe musical, e Historia da Música, da seguinte maneira:

No momento de traballar unha obra musical a lectura implica unha correcta respiración e o uso dunha entoación adecuada, así como unha correcta articulación para unha boa comprensión do texto e unha correcta dicción e pronunciación así coma a comprensión dos contidos semánticos do mesmo.

No momento en que o idioma da obra xa está suficientemente traballada levarase a práctica, e dicir, o alumno terá que cantala na clase de Canto, actividade que englobará o uso dos seus coñecementos de ritmo, entoación, audición, afinación e unha correcta técnica vocal.

A súa vez, é interesante para o alumno facer un traballo de investigación sobre a obra ou



o texto musical que está a traballar. Ver a qué época pertence, de qué compositor ou autor é, ver se forma parte dunha obra mais grande, por exemplo, no caso de que pertenza a unha ópera.

## Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

## Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca-fonoteca-videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas ben polo Dpto de Canto, ben polo Cmus, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de Canto e Idiomas aplicados ao Canto: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a teatros de ópera ou similar, concertos fóra do centro, etc.. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respeto e convivencia, entre outros.

## 6. Secuenciación dos cursos



## Curso: 1º

### 6.1.1 Obxectivos

- 1) Coñecer en profundidade a fonética do idioma italiano e o latín no Canto.
- 2) Ler textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumnado, cunha correcta articulación, dicción e sentido expresivo.
- 3) Comprender e emitir correctamente mensaxes orais ou escritos do repertorio en italiano.

### 6.1.2 Contidos

- 1) Fonética e fonoloxía italiana. Transcripción segundo o IPA (Alfabeto Fonético Internacional).
- 2) Adestramento das destrezas fonéticas:
  - articulación,
  - emisión correcta,
  - recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas,
  - pronuncia correcta,
  - aplicación da fonética cantada,
  - coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico.
- 3) Aplicación da fonética italiana ós textos musicais do repertorio individualizado, e tradución libre.
- 4) Comprensión e produción de mensaxes orais e escritos en italiano.
- 5) Estudio da historia da música vocal en italiano e latín, incluíndo audicións e versións comparadas.

### 6.1.3 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2º da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

-A avaliación **inicial** ou **diagnóstica** determinará en que punto de aprendizaxe atópase o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

-A avaliación **continua** realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

-A avaliación **final** levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

#### 6.1.3.1 Criterios de avaliación



- 1) *Emitir correctamente breves contidos orais na lingua estudada.*  
Este criterio serve para avaliar a capacidade de comprensión do alumnado no idioma estudado.
- 2) *Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada.*  
Este criterio pretende valorar a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.
- 3) *Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.*  
Este criterio avalía a capacidade de comprensión e relación do texto coa obra musical.
- 4) *Transcribir e comentar fonéticamente textos de partituras estudadas.*  
Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para aplicar autonomamente os coñecementos fonéticos na interpretación musical.
- 5) *Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.*  
Este criterio avalía o dominio do alumnado en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.

### 6.1.3.2 Mínimos esixibles

- 1) Demostrar o coñecemento das regras fonéticas e fonolóxicas dos idiomas estudados.
- 2) Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros nos idiomas correspondentes.
- 3) Mostrar dominio progresivo na emisión correcta de diversos contidos orais de cada lingua estudada.
- 4) Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
- 5) Mostar progreso na aplicación da fonética cantada no repertorio de Canto.
- 6) Mostar o dominio na lectura dun texto literario musical en cada idioma de xeito autónomo.
- 7) Ser capaz de comprender e reproducir mensaxes orais e escritos nos idiomas traballados.
- 8) Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes a cada trimestre.
- 9) Interpretar en público parte do repertorio traballado no idioma correspondente.
- 10) Interpretar de memoria todas as obras correspondentes o trimestre na audición de aula.

### 6.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.

As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, exercicios e fichas de traballo de cada idioma, control fonético do repertorio do alumnado, probas escritas, así como audicións públicas e de aula e gravacións das audicións, para uso pedagóxico interno.

### 6.1.4 Criterios de cualificación



Seguemento semanal 40%	Traballo persoal 30%	Probas escritas 15%	Audicións 15%
---------------------------	-------------------------	------------------------	------------------

A cualificación terá carácter numérico de 1 a 10, sendo o 5 o aprobado. No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

A nota outorgada terá en conta tanto o traballo e actitude na aula como o interese polo estudo diario e responsable na casa, así como calquer elemento engadido, que poida ser tido en conta na cualificación.

### 6.1.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado, sempre pola profesora, naqueles casos nos que ésta considere que o alumno xa ten superados os obxectivos e contidos das asignaturas do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estén de acordo. Ademais, terá que propoñerse só no caso de que exista praza vacante no curso ao que se quere ampliar matrícula.

Para aprobala, os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

### 6.1.6 Medidas de recuperación

#### 6.1.6.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Os sucesivos contidos asimilados, iranse integrando progresivamente ós xa estudados, de xeito acumulativo ó longo do proceso educativo. Non obstante, certos contidos non asimilados poderán requirir actividades de reforzo e a realización de probas de recuperación dos mesmos. Estas poderanse realizar durante o mesmo ou nos seguintes Trimestres, por medio de intervencións en clase, observación directa, traballo/s teóricos... ou calquera outra actividade alternativa que considere oportuna o Profesor.

No caso daqueles alumnos que non superaran o Terceiro Trimestre, terán a posibilidade de realizar a Proba Extraordinaria de Xuño.

O medios para a recuperación daqueles alumnos que non obtiveran un resultado positivo ó longo do curso, serán os seguintes:

- Un exame consistente na lectura e traducción libre con dicionario dunha ou varias obras musicais escritas nos idiomas correspondentes, no que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.
- Ademais, deberán entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto de cada trimestre.
- Asimesmo, deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios escritos



cos contidos correspondentes ó trimestre ou trimestres que perderon.

### 6.1.6.2 Proba Extraordinaria de Xuño

O exame para os alumnos que non superaron o curso consistirá na lectura e tradución dunha ou varias obras musicais escritas nos idiomas correspondentes, no que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos de cada idioma que corresponda, así como entregar as transcripcions fonéticas e traduccions das obras de todo o repertorio do curso.

### 6.1.7 Recursos didácticos

Será necesario dispor dun aula con encerado ou pizarra branca así coma aparato de reprodución de vídeo e audio.

#### ▪ **Bibliografía:**

-Adams, D.: *A Handbook of Diction for Singers. Italian, German, French.* Oxford University Press. New York. 2008.

-Colomi, E.: *Singer's Italian: A Manual of Diction and Phonetics.* Cengage Learning. Boston. 1995.

-Diccionario Bilingüe Italiano-Español

-Diccionario Fonético de Italiano.

-Libretos bilingües de óperas.

#### ▪ **Partituras:**

- Obras en italiano de Mozart, Händel, Scarlatti, Vivaldi, Rossini, Bellini, Donizetti, Puccini, Verdi, ...

#### ▪ **Links:**

-Partituras de Música de dominio público: [www.imslp.org](http://www.imslp.org), onde se pode atopar diversos materiais de obras en formato pdf.

-Catálogo de obras: [www.sheetmusicarchive.net](http://www.sheetmusicarchive.net) con partituras en pdf

-Textos usados en composicións de cancións e arias(páxina en inglés)

<http://www.recmusic.org/lieder>

-Páxina coas traduccions ao castelán das óperas máis importantes da historia da música: [www.kareol.es/](http://www.kareol.es/), [así](#) como outros interesantes Links.





## Curso: 2º

### 6.1.8 Obxectivos

- 1) Coñecer en profundidade a fonética do italiano.
- 2) Ler textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumnado, cunha correcta articulación, dicción e sentido expresivo.
- 3) Comprender e emitir correctamente mensaxes orais ou escritos en italiano.
- 4) Utilizar a lectura de textos para familiarizarse cos rexistros lingüísticos da lingua cotiá e da lingua literaria.
- 5) Valorar a importancia da lingua dentro dun texto cantado.
- 6) Apreciar a riqueza que suponen as culturas e as súas linguaxes, concibidas, estas últimas, como outras tantas formas de codificar a experiencia e de facer posibles as relacións interpersoais.

### 6.1.9 Contidos

- 1) Fonética e fonoloxía italiana. Transcripción segundo o IPA (Alfabeto Fonético Internacional).
- 2) Adestramento das destrezas fonéticas:
  - articulación,
  - emisión correcta,
  - recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas,
  - pronuncia correcta,
  - aplicación da fonética cantada,
  - coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico.
- 3) Aplicación da fonética italiana ós textos musicais do repertorio individualizado, e traducción libre.
- 4) Comprensión e produción de mensaxes orais e escritos en italiano.
- 5) Lectura fluida e expresiva.
- 6) Declamación e memorización dos textos musicais do repertorio individualizado.
- 7) Transcripción e análise fonético e fonolóxico de textos de obras musicais, poéticas e literarias.
- 8) Estudio da historia de la música vocal en italiano e latín, incluíndo audicións e versións comparadas.

### 6.1.10 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2º da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

-A avaliación **inicial** ou **diagnóstica** determinará en que punto de aprendizaxe atópase o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.





-A avaliación **continua** realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

-A avaliación **final** levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

### 6.1.10.1 Criterios de avaliación

- 1) *Emitir correctamente breves contidos orais na lingua estudada.*  
Este criterio serve para avaliar a capacidade de comprensión do alumnado no idioma estudado.
- 2) *Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada.*  
Este criterio pretende valorar a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.
- 3) *Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.*  
Este criterio avalía a capacidade de comprensión e relación do texto coa obra musical.
- 4) *Transcribir e comentar fonéticamente textos de partituras estudadas.*  
Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para aplicar autonomamente os coñecementos fonéticos na interpretación musical.
- 5) *Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.*  
Este criterio avalía o dominio do alumnado en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.

### 6.1.10.2 Mínimos esixibles

- 1) Demostrar o coñecemento das regras fonéticas e fonolóxicas dos idiomas estudados.
- 2) Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros nos idiomas correspondentes.
- 3) Mostrar dominio progresivo na emisión correcta de diversos contidos orais de cada lingua estudada.
- 4) Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
- 5) Mostar progreso na aplicación da fonética cantada no repertorio de Canto.
- 6) Mostar o dominio na lectura dun texto literario musical en cada idioma de xeito autónomo.
- 7) Ser capaz de comprender e reproducir mensaxes orais e escritos nos idiomas traballados.
- 8) Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes a cada trimestre.
- 9) Interpretar en público parte do repertorio traballado no idioma correspondente.
- 10) Interpretar de memoria todas as obras correspondentes o trimestre na audición de aula.

### 6.1.10.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.



As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, exercicios e fichas de traballo de cada idioma, control fonético do repertorio do alumnado, probas escritas, así como audicións públicas e de aula e gravacións das audicións, para uso pedagóxico interno.

### 6.1.11 Criterios de cualificación

Seguemento semanal 40%	Traballo persoal 30%	Probas escritas 15%	Audicións 15%
---------------------------	-------------------------	------------------------	------------------

A cualificación terá carácter numérico de 1 a 10, sendo o 5 o aprobado. No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

A nota outorgada terá en conta tanto o traballo e actitude na aula como o interese polo estudo diario e responsable na casa, así como calquer elemento engadido, que poida ser tido en conta na cualificación.

### 6.1.12 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado, sempre pola profesora, naqueles casos nos que ésta considere que o alumno xa ten superados os obxectivos e contidos das asignaturas do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estén de acordo. Ademais, terá que propoñerse só no caso de que exista praza vacante no curso ao que se quere ampliar matrícula.

Para aprobala, os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

### 6.1.13 Medidas de recuperación

#### 6.1.13.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Os sucesivos contidos asimilados, iranse integrando progresivamente ós xa estudados, de xeito acumulativo ó longo do proceso educativo. Non obstante, certos contidos non asimilados poderán requirir actividades de reforzo e a realización de probas de recuperación dos mesmos. Estas poderanse realizar durante o mesmo ou nos seguintes Trimestres, por medio de intervencións en clase, observación directa, traballo/s teóricos... ou calquera outra actividade alternativa que considere oportuna o Profesor.

No caso daqueles alumnos que non superaran o Terceiro Trimestre, terán a posibilidade de realizar a Proba Extraordinaria de Xuño.

O medios para a recuperación daqueles alumnos que non obtiveran un resultado positivo ó longo do curso, serán os seguintes:



- Un exame consistente na lectura e traducción libre con dicionario dunha ou varias obras musicais escritas nos idiomas correspondentes, no que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.
- Ademais, deberán entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto de cada trimestre.
- Asimesmo, deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios escritos cos contidos correspondentes ó trimestre ou trimestres que perderon.

### 6.1.13.2 Proba extraordinaria de Xuño

O exame para os alumnos que non superaron o curso consistirá na lectura e traducción dunha ou varias obras musicais escritas nos idiomas correspondentes, no que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos de cada idioma que corresponda, así como entregar as transcripcions fonéticas e traduccions das obras de todo o repertorio do curso.

### 6.1.14 Recursos didácticos

Será necesario dispor dun aula con encerado ou pizarra branca así coma aparato de reprodución de vídeo e audio.

▪ **Bibliografía:**

-Adams, D.: *A Handbook of Diction for Singers. Italian, German, French.* Oxford University Press. New York. 2008.

-Colomi, E.: *Singer's Italian: A Manual of Diction and Phonetics.* Cengage Learning. Boston. 1995.

-Diccionario Bilingüe Italiano-Español

-Diccionario Fonético de Italiano.

-Libretos bilingües de óperas.

▪ **Partituras:**

- Obras en italiano de Mozart, Händel, Scarlatti, Vivaldi, Rossini, Bellini, Donizetti, Puccini, Verdi, ...

▪ **Links:**

-Partituras de Música de dominio público: [www.imslp.org](http://www.imslp.org), onde se pode atopar diversos materiais de obras en formato pdf.

-Catálogo de obras: [www.sheetmusicarchive.net](http://www.sheetmusicarchive.net) con partituras en pdf

-Textos usados en composicións de cancións e arias(páxina en inglés)

<http://www.recmusic.org/lieder>

-Páxina coas traduccions ao castelán das óperas máis importantes da historia da música: [www.kareol.es/](http://www.kareol.es/), [así](#) como outros interesantes Links.



## Curso: 3º

### 6.1.15 Obxectivos

- 1) Coñecer en profundidade a fonética do idioma alemán e do italiano.
- 2) Ler textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumnado, cunha correcta articulación, dicción e sentido expresivo.
- 3) Comprender e emitir correctamente mensaxes orais ou escritos en alemán e en italiano.

### 6.1.16 Contidos

- 1) Fonética e fonoloxía xermana. Transcripción segundo o IPA (Alfabeto Fonético Internacional). Fonética do Italiano.
- 2) Adestramento das destrezas fonéticas:
  - articulación,
  - emisión correcta,
  - recoñecemento e diferenciación auditiva dos fonemas,
  - pronuncia correcta,
  - aplicación da fonética cantada,
  - coñecemento das regras do sistema fonético-fonolóxico.
- 3) Aplicación da fonética xermana e italiana aos textos musicais do repertorio individualizado, e tradución libre.
- 4) Comprensión e produción de mensaxes orais e escritos en alemán.
- 5) Estudo da historia da música vocal en alemán, incluíndo audicións e versións comparadas.

### 6.1.17 Avaliación

A avaliación realizarase desde os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo segundo marca o artigo 2º da Orde de avaliación do 8 de febreiro de 2008 e será continua, integradora, globalizada e personalizada.

-A avaliación **inicial** ou **diagnóstica** determinará en que punto de aprendizaxe atópase o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

-A avaliación **continua** realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

-A avaliación **final** levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

#### 6.1.17.1 Criterios de avaliación

- 1) *Emitir correctamente breves contidos orais na lingua estudada.*



Este criterio serve para avaliar a capacidade de comprensión do alumnado no idioma estudado.

2) *Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada.*

Este criterio pretende valorar a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.

3) *Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.*

Este criterio avalía a capacidade de comprensión e relación do texto coa obra musical.

4) *Transcribir e comentar fonéticamente textos de partituras estudadas.*

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para aplicar autonomamente os coñecementos fonéticos na interpretación musical.

5) *Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.*

Este criterio avalía o dominio do alumnado en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.

### 6.1.17.2 Mínimos esixibles

- 1) Demostrar o coñecemento das regras fonéticas e fonolóxicas dos idiomas estudados.
- 2) Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros nos idiomas correspondentes.
- 3) Mostrar dominio progresivo na emisión correcta de diversos contidos orais de cada lingua estudada.
- 4) Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
- 5) Mostar progreso na aplicación da fonética cantada no repertorio de Canto.
- 6) Mostar o dominio na lectura dun texto literario musical en cada idioma de xeito autónomo.
- 7) Ser capaz de comprender e reproducir mensaxes orais e escritos nos idiomas traballados.
- 8) Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes a cada trimestre.
- 9) Interpretar en público parte do repertorio traballado no idioma correspondente.
- 10) Interpretar de memoria todas as obras correspondentes o trimestre na audición de aula.

### 6.1.17.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.

As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, exercicios e fichas de traballo de cada idioma, control fonético do repertorio do alumnado, probas escritas, así como audicións públicas e de aula e gravacións das audicións, para uso pedagóxico interno.

### 6.1.18 Criterios de cualificación

Seguemento semanal	Traballo persoal	Probas escritas	Audicións
40%	30%	15%	15%



A cualificación terá carácter numérico de 1 a 10, sendo o 5 o aprobado. No caso de obter cifras decimais no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

